

# FILGUEIRA VALVERDE E A SEMANA SANTA\*

Mateo Fontán Couto

Neste ano de 2015, se lle adica o Día das Letras Galegas á figura do pontevedrés Xosé Fernando Filgueira Valverde (1906-1996). Persoa de fonda e manifesta relixiosidade, participou fortemente na recuperación das celebracións da Semana Santa na nosa cidade e formou parte do grupo de persoas que reactivaron as procesións pontevedresas. Un dos seus grandes amigos fora o artista e sacerdote Jose Luis Pintos Fonseca, verdadeira *alma mater* do que podemos considerar a Semana Santa moderna da cidade do Lérez. O seu pai, Xavier Pintos Fonseca, era en 1924 «cofrade común» na primeira refundación da Confraría do Corpo Santo, igual que o era tamén Filgueira, que ademais sería un dos veedores. Do mesmo modo, existe constancia da súa colaboración coa Confraría da Vera Cruz e Misericordia, a decana das que a partir de 1949 irían formando o actual mapa confrade da Semana Santa pontevedresa.

Fundou Filgueira Valverde a Confraría do Espírito Santo en 1952. Pronto sería coñecida como a *Confradía do Instituto*, xa que logo a maioría dos confrades desta nova agrupación relixiosa serían estudantes e ex estudantes vinculados a ese centro de ensinanza –o Instituto Masculino de Pontevedra– do que Filgueira foi mestre, e logo tamén director dende 1944 ata 1976. Esta confraría participará de forma moi activa, alén das procesións, en diversos actos e oficios litúrxicos que se celebraban nos templos da cidade; tal eran o Lavatorio de pés no Xoves Santo, a Adoración da Cruz para o Venres ou a custodia do Lignum Crucis e a Cerimonia do Lume na vixilia pascual do Sábado Santo. Tamén levaban a cabo, os mozos e mozas dos institutos, o Acto da Quinta Angustia que se celebraba en San Domingos e que formaba parte dos entrañables acontecementos da Semana Maior de fai algunhas décadas. Mesmo hoxe en día, na celebración dos Via Crucis que a Confraría do Espírito Santo organiza durante a Coaresma no Convento de Santa Clara, recítanse durante as Estacións pasaxes de Paul Claudel versionados por Filgueira. Asemade, nestes Via Crucis participa o Coro dos ex Cantores do Instituto, que fora outra das iniciativas –a do Coro do Instituto– vertida polo erudito pontevedrés, tendo unha forte presenza en diversos actos durante toda a Semana de Paixón. Fomentou, a súa vez, o coñecemento desta celebración adicando unha parte da súa copiosa produción literaria ao tema da Semana Santa dende un punto de vista histórico, antropolóxico, artístico e musical, ademais do meramente sentimental. De feito, no seu último ano de vida andavía publica dende as páxinas do programa da Xunta Coordinadora da Semana Santa de Pontevedra. Deu varias conferencias pola xeografía galega, facendo gala do seu instinto divulgativo, e auspiciou dende o seu querido Museo, a elaboración de exposicións e outras actividades relacionadas co tema.

E cousa manida o de referirse á persoa de Xosé Filgueira Valverde como a de un home polígrafo... de moitos saberes. Sendo certo, cómpre salientar o compromiso coa súa fe. Iso si, sempre dende o evidente carácter humanístico do *vello profesor*.

## Artigos

- “Liturgia Pascual” (co pseudónimo Martín Valerio), *El Pueblo Gallego*, 27-III-1937.
- “Díptico de Pasión” (co pseudónimo Martín Valerio), *El Pueblo Gallego*, 1937.
- “En la Semana Mayor de 1667”, *Spes*, Abril, año 1941, nº 76, Pontevedra, 1941.
- “Visita al Museo de Pontevedra en los días de Semana Santa”, *Spes*, Marzo, año 1951, nº 195, Pontevedra, 1951.
- "Visita al Museo de Pontevedra en los Días de Semana Santa", en *Semana Santa* (revista),

---

\*Este traballo foi publicado no *Diario de Pontevedra* o Mércores Santo, 1 de Marzo de 2015. A relación de moitas das referencias que se ofrecen foron tiradas das bibliografías: Filgueira Valverde. **Publicaciones. Conferencias. Curriculum. Homenaje de sus discípulos.** Preparada por X. Fuentes Alende. Pontevedra, 1976. **Ó Dr. Filgueira Valverde. Nos seus noventa anos (1906-1996)** **Bibliografía. Traballos. Eloxios.** Preparada por M. Jesús Fortés Alén. Caixa de Aforros de Pontevedra, 1996. Ademais se consultaron os programas publicados pola Xunta Coordinadora da Semana Santa de Pontevedra e outras publicacións (*Spes, Logos, Museo de Pontevedra, Nodales...*).

- edición 1953, imprenta C. Peón, Pontevedra, 1953.
- “La representación Ad significationem Sepulcri”, *Litoral*, número extraordinario de Semana Santa, 1954.
  - "Las procesiones de antaño. El litigio del traje de golilla", en *Semana Santa* (revista), edición 1954, imprenta Hijos R. Paz, Pontevedra, 1954.
  - "«Seldros» de Cofradía en el Museo de Pontevedra", *Ouriveraría portuguesa*, Nº 13-14, Porto, 1951, pp.16-22. O mesmo texto inclúese en *O Museo de Pontevedra na obra de D. Xosé Filgueira Valverde*, Pontevedra, 1997, pp. 223-230.
  - “«Semana de Pasión en el Museo de Pontevedra». Comentarios a dez obras dos séculos XV-XVII", *Faro de Vigo*, 4-IV-1969. O mesmo texto inclúese en *O Museo de Pontevedra na obra de D. Xosé Filgueira Valverde*, Pontevedra, 1997, pp.85-96.
  - "O xogo dos petos na Pascua", *Adral*. Glosas publicadas semanalmente no Faro de Vigo. 10-4-1977. O mesmo texto inclúese en *Adral*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1979, pp.130-134.
  - “Os costumes da Pascua”, *Adral*. Glosas publicadas semanalmente no Faro de Vigo. 26-3-1978. O mesmo texto inclúese en *Segundo Adral*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1981, pp.130-132.
  - "As sete dores", *Adral*, Glosas publicadas semanalmente no Faro de Vigo, 8-4-1979. O mesmo texto inclúese en *Segundo Adral*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1981, pp.128-129.
  - “La Pascua en Galicia”, *Adral*. Glosas publicadas semanalmente no Faro de Vigo. 15-4-1979.
  - “La Pascua en Galicia”, *Quodlibet*. Serie de artigos publicados no Ideal Gallego. 15-4-1979.
  - "Os ilustrados e o traxe de golilla", *La Voz de Galicia*, 30-IV-1987. O mesmo texto inclúese en *V-Adral*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1990, pp.103-106.
  - "As Dores da Nosa Señora", *VII-Adral*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1992, pp.134-138.
  - "Na Semana Maior", *VII-Adral*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1992, pp.139-143.
  - “O espírito relixioso dos Mareantes da Moureira”, *Nodales*, Corpus 1989, Pontevedra, pp.11-13. O mesmo texto inclúese en *VI-Adral*, Ediciós do Castro, A Coruña, 1990, pp.98-100.
  - *Via Crucis*. Fragmentos de Paul Claudel, versión de J. Filgueira Valverde, Cofradía del Espíritu Santo bodas de oro 1953-2003, Pontevedra, 2003. Publicouse unha versión en galego na revista *Grial*, Nº 20, pp.194-199, 1968.

### **Textos nos programas da Semana Santa de Pontevedra**

- "Las procesiones de la Semana Mayor de Pontevedra en el «Carmen Patrium» del P. Amoedo (1787)", en *Semana Santa Pontevedra 1990*, Junta Coordinadora de la Semana Santa de Pontevedra, Pontevedra, 1990.
- "As sete dores da Nosa Señora", en *Semana Santa Pontevedra 1991*, Junta Coordinadora de la Semana Santa de Pontevedra, Pontevedra, 1991.
- "A Virxe da Piedade en Pontevedra", en *Semana Santa Pontevedra 1992*, Junta Coordinadora de la Semana Santa de Pontevedra, Pontevedra, 1992.
- "Dúas representacións da trinidad na Basílica de Santa Maria", en *Semana Santa Pontevedra 1993 y 1997*, Junta Coordinadora de la Semana Santa de Pontevedra, Pontevedra, 1993 y 1997.
- "A visita ó Museo no Xoves Santo a «Apotheosis Eucarística» de Rubens", en *Semana Santa Pontevedra 1994*, Junta Coordinadora de la Semana Santa de Pontevedra, Pontevedra, 1994.
- "A procesión do Santo Enterro lembrada polo P. Sarmiento", en *Semana Santa Pontevedra 1995*, Junta Coordinadora de la Semana Santa de Pontevedra, Pontevedra, 1995.
- "Das «Emparedadas» á capela de Xesús Nazareno", en *Semana Santa Pontevedra 1996*,

Junta Coordinadora de la Semana Santa de Pontevedra, Pontevedra ,1996.

### **Cursos e Conferencias**

- "Etheria, peleriña galega dos Santos Lugares", radiada en Labor Galega de Pontevedra o Martes Santo de 1935.
- "Semana Santa en Galicia", Círculo das Artes, Lugo, Marzo de 1956.
- "Semana Santa en Santiago", Salón Artesonado de Fonseca, Santiago, 14-IV-1962.
- "Semana Santa en la vieja Pontevedra", Junta Coordinadora, Casino de Pontevedra, 27-III-1972.
- "Tradiciones pontevedresas de la Semana Santa", Salón Noble de la Excma. Diputación Provincial, Pontevedra, Lunes Santo de 1972.
- "Victoria y su música de Pasión", Biblioteca Municipal de Marín, 4-III-1973.
- "T. L. De Victoria y la Hebdomada Sacra", Colegio Mayor Fonseca de la Universidad de Santiago, 29-III-1974.
- "Liturgia musical de la Semana Santa: las «Pasiones» cantadas", Escuela de Secretarias "Aloya", Vigo, 13-IV-1974.
- "A semán Maior en Betanzos", Iglesia de Santiago de Betanzos. Con la coral Polifónica, 21-III-1975.
- "A semán Maior en Viveiro", Teatro. Viveiro, 12-IV-1976.
- "A Semán Maior en Galicia", Radio 80 Pontevedra, 31-III-1983.
- "Pregón de Semana Santa", Colexiata de A Coruña, 31-III-1990.
- "As festas da Pascua", 27-III-1992.
- "A polifonía relixiosa de Semana Santa", Concerto da Sociedade Polifónica de Pontevedra, Igrexa Colexiata da Coruña, 23-III-1994.
- "A Virxe dos Doores", Radio Galega, 29-III-1994.
- "Costumes da Pascua", Radio Galega, 4-IV-1994.
- "O ciclo da Semana Santa", en *A Festa. Antropoloxía Lírica*. Curso de Doutoramento. Real Academia de Belas Artes. A Coruña, do 16-VI-1994 ao 2-VII-1994.

### **Exposicións**

- *La Pasión de Cristo en el Arte*. El Museo de Pontevedra. Exposición CXXVI, 1942.
- *La Pasión en el Arte*. El Museo de Pontevedra. Exposición del 12 de Abril al 12 de Mayo de 1981.



Filgueira Valverde nunha procesión de Semana Santa en Pontevedra. (Imaxe: Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra).